

Mércores, 20 de novembro de 2024

Núm. 226

ADMINISTRACIÓN LOCAL
MUNICIPAL
VIGO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

*PRACTICA DAS NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICAS A TRAVÉS DA DIRECCIÓN
ELECTRÓNICA HABILITADA ÚNICA (DEHÚ)*

En data 7 de novembro de 2024 ditouse a seguinte Resolución da Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión municipal:

INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 4 de novembro de 2016 adoptou o acordo de Impulsar a elaboración do Plan de Transformación Integral da administración municipal do Concello de Vigo. En execución de dito Plan de Transformación Integral, o Concello de Vigo ven impulsando a adopción de actuacións tendentes ao mellor desenvolvemento da administración electrónica en termos de seguridade e interoperabilidade.

SEGUNDO.- A Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHú) é un servizo electrónico de notificacións da sede electrónica da Administración Xeral do Estado que facilita aos cidadáns o acceso e comparecencia ás súas notificacións e/ou comunicacións emitidas polas Administracións Públicas adheridas.

O Concello de Vigo adheriuse a DEHú mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 06/11/2020, actualmente atópase de alta como Gran Destinatario (LEMA).

TERCEIRO.- Con data 15/10/2024, asinouse informe de necesidade e idoneidade xunto coa orde de inicio de expediente indicando se leven a cabo as actuacións necesarias para que as notificacións que se practiquen no Concello de Vigo por medios electrónicos poidan poñerse a disposición da cidadanía tamén a través do DEHú.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

Primeiro.- Normativa aplicable:

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: 1WXFG05F346YHYH



Mércores, 20 de novembro de 2024

Núm. 226

- Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFME).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local (LRSAL).
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional
- Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, publicada no BOP de Pontevedra nº 195 do venres 8 de outubro de 2021.

Segundo.- Consideracións Xurídicas:

As entidades locais, como entidades públicas de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, teñen a capacidade de planificar e autoorganizarse para a xestión eficiente dos seus servizos (artigo 4 LBRL).

Corresponde á Secretaría do Goberno Local calquera organización en canto a Oficina de asistencia en materia de rexistro e información do Concello de Vigo, como oficina e a súa vez tamén como instrumento administrativo de xestión das entradas e saídas do Concello de Vigo. Dunha forma paralela corresponde ao Servizo de Administración Electrónica cantas valoracións técnicas e xurídicas sexan precisas para facer efectivo tal fin na súa condición de servizo garante da transición á Administración Dixital.

As rápidas transformacións que a implantación da administración electrónica está supoñendo no eido local, esixen unha importante revisión dos procedementos e actuacións habituais.

Xa na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos regulábase por primeira vez o dereito dos cidadáns a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

Actualmente, a regulación sobre a práctica das notificacións electrónicas recóllese na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP) e complétase co Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos (RAFME). Nestas normas requírense novas dinámicas de funcionamento que permitan optimizar os tempos de traballo e racionalizar a xestión dos recursos na procura dun mellor servizo público.

Tanto o artigo 43 da LPACAP como o artigo 27 da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo (publicada no BOP de Pontevedra nº 195 do venres 8 de outubro de 2021), regulan a práctica das notificacións das Administracións Públicas, indicando que se practicarán

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: IWKFG05F346YHYH



Mércores, 20 de novembro de 2024

Núm. 226

mediante comparecencia na sede electrónica da Administración ou Organismo actuante, a través da Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHú) ou, mediante ambos sistemas, segundo dispoña cada Administración ou Organismo.

No mesmo senso, o artigo 29 da referida Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, regula a expedición e práctica electrónica da notificación, indicando que admítense como formas válidas de notificación electrónica: a) A notificación por comparecencia en Sede Electrónica do Concello de Vigo, b) E/ou mediante dirección electrónica habilitada única.

A Dirección Electrónica Habilitada única (DEHú) defínese no artigo 44 do RAFME como o sistema de información para a notificación electrónica e a súa xestión corresponde ao Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital en colaboración co Ministerio de Política Territorial e Función Pública.

Nese mesmo artigo, contéplase a adhesión á Dirección Electrónica Habilitada única, sinalando que todas a Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes, colaborarán para establecer sistemas interoperables que permitan que as persoas físicas e xurídicas poidan acceder a todas as súas notificacións a través do DEHú.

O Concello de Vigo fixo efectiva a adhesión ao servizo de DEHú como Gran Destinatario (LEMA), polo que resulta procedente neste intre realizar as actuacións necesarias para permitir a entrega de notificacións e comunicacións do Concello de Vigo non só a través da nosa sede electrónica, senón tamén mediante comparecencia electrónica no DEHú, coa finalidade de facilitar á cidadanía o acceso as súas notificacións.

Ante a dispersión de sedes electrónicas e de vías de posta a disposición, a DEHú permite que os interesados, tanto persoas físicas como persoas xurídicas, teñan acceso ás súas notificacións e comunicacións nun solo punto.

Ata agora, o Concello de Vigo emite as notificacións electrónicas por comparecencia na sede electrónica do Concello. Co desenvolvemento desta actuación, procúrase prestar un mellor servizo ao conxunto da cidadanía, polo que a partires da publicación da presente resolución, o Concello de Vigo comenzará a empregar o servizo de xestións de notificacións proporcionado pola Administración Xeral do Estado, de tal xeito que todas as notificacións e comunicacións do Concello de Vigo estarán dispoñibles na nosa Sede Electrónica e tamén na Dirección Electrónica Habilitada única, practicando as notificacións por medios electrónicos mediante ambos sistemas.

Para o cómputo de prazos e o resto dos efectos xurídicos, tomarase a data e hora de acceso ao contido ou o rexeitamento da notificación polo interesado/a ou o seu representante no sistema no que ocorrese en primeiro lugar.

A partir da data sinalada, polo tanto, poderase acceder ás notificacións depositadas polo Concello de Vigo na DEHú, na que será preciso identificarse mediante a utilización dos sistemas que determine a Administración Estatal en cada momento.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:1WXFG05F346YHYH



Mércores, 20 de novembro de 2024

Núm. 226

Todas estas actuacións forman parte dun proceso continuo de modernización administrativa tendente a impulsar e mellorar a eficiencia e eficacia da xestión municipal co fin de facilitarlle á cidadanía un acceso áxil aos servizos.

Terceiro.- Do órgano competente: Correspóndelle a competencia de resolución á Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación mediante Resolucions da Alcaldía de 28/06/2024, indicando, por un lado que en materia de Administración Electrónica poderá asumir as competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e garantir o cumprimento e desenvolvemento das normativas aplicables en materia de administración electrónica e, por outro lado, en materia de rexistros, información e arquivos compéttelle propor medidas e accións para incrementar o acceso e utilización da información e mellorar a atención á cidadanía respecto dos servizos que presta e, en xeral, sobre a cidade de Vigo en todos aqueles temas de interese para a cidadanía.

Polo exposto, fórmulase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO: Dispoñer que a partires do día seguinte á publicación desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, todas as notificacións que realice o Concello de Vigo por medios electrónicos practícaranse, xunto coa comparecencia a través da sede electrónica do Concello de Vigo, a través da Dirección Habilitada única, nos termos do artigo 29 da Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo.

SEGUNDO: Publicar a presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na Web Municipal e no taboleiro de anuncios do Concello de Vigo para o seu xeral coñecemento.

TERCEIRO: Contra esta resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que a ditou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao presente notificación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se se interpón o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

A Secretaria de Goberno Local.

DECRETO: Vista a precedente proposta, RESOLVO DE CONFORMIDADE COA MESMA.

Vigo, data segundo sinatura electrónica á marxe

A Concelleira de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, Dona. Patricia Rodríguez Calviño (Resolución da Alcaldía de data 19.06.2023 modificada por Resolución de data 28.06.2024 e Resolución de delegación específicas de data 28.06.2024, BOP no 129 de data 9.07.2024)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:1WXFG05F346YHYH

